

Concursos

LUCÍA, BERTA, CANDELA, JOSE, OMAR

CONTENIDO

- Enreguéifate.
- Concurso de Caricatura
- Concurso Xuvenil Camiños da Liberdade
- Concurso de vídeos People & Planet
- Certame Literario Gerardo Rovira
- Premios Exército de Terra 2024
- Concurso de Contos Infantís Sen Fronteiras
- Concurso de Grupos 2024 do 47º Festival Internacional de Jazz de Getxo

Enreguéifate 2024



- Este concurso consiste en **grabar un vídeo empregando o galego** como lingua, será de **temática libre** e polo menos **deben participar dúas persoas**. Unha persoa pode participar en varios vídeos.
- A **duración máxima** das grabacións será de **3 minutos**.
- Non se establecen restricións no **formato**, sempre e cando as gravacións se aprecien de xeito claro.
- Transmitir **imaxes ou mensaxes** violentas, ofensivas e/ou discriminatorias estará prohibido. A organización descartará aqueles vídeos con contidos que non considere apropiados.
- **Inscripción:** Os vídeos enviaranse a través da web de Enreguéifate, www.enregueifate.gal, xunto co formulario de inscrición cuberto que se atopa na propia páxina do certame.
- **Prazo:** do 12 de xaneiro ao 1 de marzo de 2024.
- **Categorías:** Xeral, na que pode participar calquera persoa.
- **Premios** no enlace.

<http://xuventude.xunta.es/component/k2/item/27049-enregueifate-2024>

9° CONCURSO DE CARICATURA

CAMINOS DE LA LIBERTAD



Primer lugar: \$30,000.00
Segundo lugar: \$20,000.00
Tercer lugar: \$10,000.00

Consulta las bases:

caminosdelalibertad.com
caminosdelalibertad@tvazteca.com.mx

Concurso de Caricatura

Consiste en que cada concursante participa con as obras que **desexe**, deben ser totalmente **orixinais** (se leva palabras deben ser en español). O tema é a **liberdade**.

Debe presentarse no formato **JPEG** e **asignadas** co teu nome e **enviadas** ao enderezo electrónico:

caminosdelalibertad@tvazteca.com.mx

Premios:

O primeiro premio: MX\$30.000 - **1.624€**

O segundo premio: MX\$20.000 - **1.082€**

O terceiro: MX\$10.000 - **541€**

O prazo estará aberto ata o **31 de marzo do 2024**

Concurso Xjuvenil Camiños da Liberdade

- Esto concurso consta de 6 categorías: Fotografía, música, conto, artigo xornalístico, plástica, pintarte.
- Poderán participar neste concurso persoas de ata 25 anos de idade de fala española.
- Cada concursante poderá participar con dúas obras en cada categoría asinadas ao seu nome
- O tema é a liberdade e serán premiadas aquelas que reflexionen sobre o seu significado e implicacións para a vida diaria.
- A presentación realizarase medianet o envío ao enderezo electrónico

caminosdelalibertadparajovenes@tvazteca.com.mx

Premios por categoría

Primeiro premio: 2656,74 €

Segundo premio: 1594,05 €

Terceiro premio: 797,02 €



-Concurso de vídeos People & Planet



O proxecto People & Planet consiste en poñer en valor os hábitos sustentables que a xente nova está a adquirir a través dun concurso audiovisual. A mocidade de entre 15 e 35 anos pode participar neste reto xuvenil que busca promover a xustiza social e climática. Basta con gravar un breve vídeo de ata un minuto de duración, no que a persoa identifique un problema local ou global e explique o que xa fai ao respecto. O premio estatal consiste nun ecopack de produtos e experiencias sostibles, mentres que quen gañe a fase europea participará nun campus internacional en Portugal.

As mozas e mozas participantes deberán subir o vídeo ás súas redes sociais co hashtag #PeopleOfTheFuture e despois rexistralo na páxina <https://waterofthefuture.org/video-challenge>.

Certame Literario Gerardo Rovira

O IES Gabriel y Galán de Plasencia convoca o XLVI Certame Literario Gerardo Rovira de poesía e relatos en castelán. As obras son de **tema libre**, podense presentar en **prosa** ou en **verso** e terán que **cumprir** as seguintes normas :

-Os textos en **prosa** non excederán os **catro folios** escritos por **unha cara**, con letra **Arial 12** e cunha extensión máxima de **vinte e cinco liñas por páxina**.

-Os textos de **poesía** non excederán os **cincuenta versos** e teran q cumprir as **mesmas normas** ca os textos en **prosa**.

Cada autor poderá competir como **máximo cunha obra en cada apartado**. As obras **enviaranse** nun arquivo **PDF** ao email **lcldepar@gmail.com** co **asunto "Gerardo Rovira, Poesía/Prosa"**.


Poderá participar calquera persoa cuxa idade estea entre os
12 e os 18 anos

Só haberá **dous** premios:

Premio texto prosa: **200€**

Premio texto poesía: **200€**

O prazo estará aberto ata o **15 de marzo do 2024**



Premios Exército de Terra 2024

Os Premios Exército teñen por obxecto propiciar o coñecemento, por parte dos Centros de Ensino, e en particular, por parte da mocidade, das múltiples actividades das Unidades do Exército de Terra, dos valores que atesouran e da historia e cultura militar.

Establécense tres categorías de participación:

Categoría A: alumnos de Educación Primaria.

Categoría B: alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria.

Categoría C: alumnos que cursen estudos de Bacharelato ou Formación Profesional de Grao Medio.

Para cada Categoría establécense **dúas modalidades**:

- **Xenérica**: con temática relacionada con calquera actividade do Exército de Terra, en calquera época.

- **Aniversario**: con temática relacionada co 50 Aniversario da creación da Escala Básica de Suboficiais do Exército de Terra e da Academia Xeral Básica de Suboficiais do Exército de Terra.

Os traballos poderán ser **presentados en forma de proxectos creativos** (maquetas, dioramas, vídeos, debuxos, pinturas, fotografías etc.)/ etc.) **ou textos escritos**. Estes últimos presentaranse en **castelán**, por unha cara, en formato A4 e encadernados. O seu contido non superará as **50 páxinas** incluído o texto escrito, anexos, fotos etc.

Prazos:

A **solicitud de participación** pode presentarse ata o 26 de xaneiro de 2024

As **obras presentarase** entre o 5 de febreiro e o 10 de abril de 2024

Premios para cada categoría:

- **Modalidade Xenérica**: Tres ordenadores portátiles, placa e diploma por categoría.

- **Modalidade Aniversario**: Un computador portátil, placa e diploma por categoría.

<http://xuventude.xunta.es/component/k2/item/27106-premios-exercito-de-terra-2024>



-Concurso de Contos Infantís Sen Fronteiras

Con ocasión da celebración das XLII Xornadas Infantís de Otxarkoaga (Bilbao), que terán lugar os días 11 e 12 de maio de 2024, o colectivo Txirula Kultur Taldea organiza o XXII Concurso de Contos Infantís Sen Fronteiras de Otxarkoaga co obxectivo de promover a creación literaria en torno ao conto infantil.

Cada persoa poderá presentar un máximo de dous contos orixinais e non publicados ou premiados anteriormente. As obras deben estar escritas en eúscolo ou castelán e terán unha extensión de entre 2 e 4 páxinas. A temática é libre, pero o xurado valorará especialmente aqueles contos dirixidos á infancia e que teñan relación con valores como a paz, a tolerancia, a igualdade de xénero, os dereitos humanos e o coidado da natureza.

A presentación das obras realizarase mediante sistema de plica por correo electrónico no enderezo txirulakulturataldea@gmail.com ou presencialmente ou por correo postal no enderezo Centro Cívico de Otxarkoaga, Avenida Pau Casals, 19, 48004 Bilbao.

Requisitos

Poderán participar todas as persoas que o desexen sen limitación de idade.

Dotación

Entregaranse vinte e catro exemplares do libro editado ás persoas seleccionadas, que poderán ler os seus contos na praza Kepa Enbeita de Otxarkoaga, o día 12 de maio, no contexto das Xornadas Infantís.

O prazo de presentación estará aberto ata o 31 de xaneiro de 2024.



Concurso de Grupos 2024 do 47º Festival Internacional de Jazz de Getxo

A aula de Cultura do Concello de Getxo convoca do Concurso de Grupos 2024 do 47º Festival Internacional de Jazz de Getxo.

En caso de participar en grupo, a persoa solicitante deberá designarse como representante para a interlocución coa aula de Cultura e cumprir coas obrigacións que, como beneficiaria, lle corresponden á agrupación. Un Comité de Selección elixirá catro entre todos os grupos rexistrados, que actuarán entre o 3 de xuño e o 6 de xullo de 2024.

As solicitudes deberán presentarse de forma exclusivamente telemática, na [web Getxo Jazz](#).

Requisitos

Poderán optar todos os conxuntos de Europa de calquera tendencia ou estilo que interpreten música de jazz. A idade máxima de cada un dos participantes no Concurso será de 30 anos cumpridos no 2024, debendo ser acreditada no momento da inscrición.

Dotación

Primeiro premio: 4.500 euros, edición dun CD e trofeo.

Segundo premio: 1.900 euros e trofeo.

Mellor solista: 950 euros e trofeo.

O prazo para a presentación de candidaturas estará aberto ata o 9 de febreiro de 2024.